

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Alcaldía do Concello de Melide ditou a RESOLUCIÓN con número 458/2026 que deseguido se transcribe:

“ASUNTO: CONVOCATORIA XUNTA GOBERNO LOCAL ORDINARIA MÉRCORES 22 DE XULLO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G007/000029

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable,

RESOLVO:

Convocalo/a á sesión ordinaria que terá lugar no salón de sesións da casa do Concello de Melide, **ás 14:00 h. do mércores 22 de xullo de 2026.**

A partir do día de hoxe ten vostede ao seu dispor os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día nas dependencias municipais e na sede electrónica do Concello de Melide, no apartado “Cargos Electos”.

(<https://sede.concellodemelide.gal/tramitador/ciudadano?idLogica=inicioCargosElectos&entrada=ciudadano&idEntidad=melide&fkIdioma=GL>)

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (15/07/2026)

LICENZAS DE OBRA, PARCELACIÓN, 1ª OCUPACIÓN, ART. 38 DA LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA

2. LICENZA MUNICIPAL DE OBRA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN O FORTE VELLO, NA REFERENCIA CATASTRAL 15047A048003680000G.

TOMA DE COÑECEMENTO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PARA OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE TELLA DO INMOBLE SITO NA RÚA MATEO SEGADE BUGUEIRO, NÚM. 7 DE MELIDE. ADEMAIS, SOLICITA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE A COLOCACIÓN DE ANDAMIO EUROPEO NUNHA SUPERFICIE DE 6 METROS CADRADOS DURANTE UN PRAZO DE 1 MES NA RÚA MATEO SEGADE BUGUEIRO NÚM. 7 DE MELIDE, MENTRES SE REALIZAN AS OBRAS.

4. TOMA DE COÑECEMENTO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PARA OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIESTRAS DO INMOBLE SITO NA PRAZA DAS UNIVERSIDADES NÚM. 5 DE MELIDE, NA REFERENCIA CATASTRAL 0522206NH8502S0001AJ. ADEMAIS, SOLICITA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE A COLOCACIÓN DUN CAMIÓN GUINDASTRE NUNHA SUPERFICIE DE 20 METROS CADRADOS E DURANTE UN

PRAZO DE 1 DÍA NA PRAZA DAS UNIVERSIDADES NÚM. 5 DE MELIDE, MENTRES SE REALIZAN AS OBRAS.

AUTORIZACIÓN DE FESTAS AO AIRE LIBRE E AUTORIZACIÓN DE FOGOS ARTIFICIAIS

5. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O LANZAMENTO DE FOGOS DE RUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA "FESTA DE XUBIAL" OS DÍAS 25 E 26 DE XULLO DE 2026 EN LUGAR XUBIAL DE MELIDE.

6. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O LANZAMENTO DE FOGOS DE RUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA "FESTA DE OROIS" OS DÍAS 24 E 25 DE XULLO DE 2026 EN LUGAR OROIS, DE MELIDE.

7. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DE XUBIAL OS DÍAS 25 E 26 DE XULLO DE 2026 EN LUGAR XUBIAL DE MELIDE.

TOMA DE COÑECEMENTO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO OU MODIFICACIÓN DE ACTIVIDADE

8. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE DE "VENDA DE PINTURAS E REVESTIMENTOS" SITA NA RONDA DE PONTEVEDRA NÚM. 78 DE MELIDE

PAGAMENTOS E FACTURAS

9. CONVENIOS COLABORACIÓN REFORZO POLICÍA LOCAL FESTAS DO CARME 2026 (OROSO E MALPICA DE BERGANTIÑOS)

DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

10. DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DA ALCADÍA NÚM. 450/2026 DO DÍA 17/07/2026 E ASUNTO "AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O LANZAMENTO DE FOGOS DE RUÍDO CON MOTIVO DA "FESTA NA HONRA A SANTA MARIÑA DE PEDROUZOS" OS DÍAS 18 E 19 DE XULLO DE 2026 EN LUGAR PEDROUZOS DE MELIDE"

INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA EN APLICACIÓN DO ARTIGO 53 DO ROF

11. INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA EN APLICACIÓN DO ARTIGO 53 DO ROF

Ordeno e asino en Melide, martes 21 de xullo de 2026 Asdo: O alcalde en funcións / Xosé Igrexas García. Do que o secretario accidental da fe. Asdo: O secretario accidental / Jesús Manuel Cea Vázquez."

O que se publica para os efectos oportunos.

Concello de Melide, martes 21 de xullo de 2026

O secretario accidental, Jesús Manuel Cea Vázquez